



CIRCULAR 81-2021.

II XORNADA TÉCNICA DE LANZAMENTO DE MARTELO

- A todas as delegacións da FGA.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

A proposta do responsable do sector de lanzamento de martelo da FGA, José Manuel Hermida, convócase unha sesión práctica aberta a todos aqueles atletas e adestradores do lanzamento de martelo que desexen coñecer os fundamentos técnicos e progresión didáctica. Abordaranse tamén á planificación de vindeiras xornadas nesta tempada e metodoloxía de traballo en equipo.

Lugar: Instalacións Deportivas de Vista Alegre (Ordes)

Data: 10 de xullo de 2021

Responsable: José Manuel Hermida

Duración: desde as 17:00h ata as 20:00h

Adestradores convidados:

Os adestradores persoais interesados en asistir deberán de poñelo en coñecemento do responsable.

MOI IMPORTANTE:

Os/as atletas deben levar o seu artefacto persoal para realizar a sesión.

Todos/as atletas e adestradores deberán confirmar obrigatoriamente a súa presenza ou ausencia no ligazón: <https://forms.gle/KrL3qGcvPDKoE1He7> antes do 7 de xullo ás 18.00h. A non confirmación da asistencia será considerada como renuncia a tomar parte na sesión técnica.

É necesario en todos os casos a presentación da declaración responsable para formar parte da actividade, a través do seguinte ligazón: <https://atletismo.gal/wp-content/uploads/2021/06/Declaracion-Responsable-ProtocoloFGA05062021-Lanz-10072021.pdf>

A Coruña, a 30 de xuño de 2021

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo



AUTORIZACIÓN ATLETAS MENORES DE IDADE

Don/Dona _____ con DNI: _____

Nai/pai/titor do/a atleta _____

Outorga a súa autorización para que participe na actividade, II XORNADA TÉCNICA DE LANZAMENTO DE MARTELO organizada pola Federación Galega de Atletismo, tendo lugar nas Instalacións Deportivas de Vista Alegre (Ordes) o sábado 10 de xullo de 2021.

E manifesta o seu consentimento a que o/a seu/súa fillo/a estea baixo as condicións de organización da mesma (as normas que estableza o responsable) así como afirma ter coñecemento e dar permiso de que, no caso de que se producira algún incidente que aconsellara a interrupción da actividade, poida non voltar a actividades de este tipo ou regresar o seu domicilio antes da data prevista. Nese último caso tería que vir recoller ao seu/súa fillo/a. Polo que é necesario os números de casa ou móbil dalgún dos pais.

NÚMERO/S DE TELÉFONO DE CONTACTO:

En _____, a _____ de _____ de 2021